



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

ACTA Nº 2022/1

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- CASA DO CONCELLO, MÉRCORES 9 DE FEBREIRO DE 2022 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do secretario, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

SANTIAGO MANUEL TOBA CAMPAÑA

ASISTEN:

JAVIER ROMAR ALVARELLOS

OLALLA BENLLOCH LEMA

MANUEL CARAMES LOPEZ

MONICA VILELA VILELA

CARLOS FERNANDEZ CONCHEIRO

SANDRA VILELA RIVEIRO

SOFIA LOPEZ SIMON

JAVIER LEMA SUAREZ

AUSENCIAS:

IRMA LUCIA GARCIA BARCIA

TANIA ROMERO GARCIA (escusa)

SECRETARIA: Rosa Ana García Fernández

INTERVENTORA: Mónica Iglesias Prego

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

- 1.-Aprobación actas sesións anteriores
- 2.- Addenda Convenio con EDP Renovables
- 3.-POS+2022.- Plan único de Concellos. Gastos correntes e investimentos
- 4.-POS Adicional 1/2022 para gastos sociais extraordinarios

1.-Aprobación actas sesións anteriores.

As actas plenarias celebradas o 14 e 17 de decembro de 2021, quedan aprobadas por unanimidade dos membros presentes.

2.- Addenda Convenio con EDP Renovables

A addenda ao convenio que o pasado mes de decembro se asinara con EDP Renovables, queda ratificado



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

por unanimidade dos membros presentes no pleno.

3.-POS+2022.- Plan único de Concellos. Gastos correntes e investimentos

A Secretaria manifesta que todos os grupos teñen a Proposta de Alcaldía ao respecto deste punto, dictaminada favorablemente pola informativa correspondente.

Intervén o Sr Alcalde: “ Cremos que é unha proposta cun POS moi bo. Na sesión informativa do luns quedou exposto todo e non houbo dúbidas sobre os proxectos nin as formas. É unha proposta do grupo de goberno no que se reflicten as demandas da oposición, salvo a depuradora de Quintáns, pero chegouse a un acordo de incluíla no plan adicional 2022.”

O Sr alcalde dá lectura á lista de obras e explica brevemente o seu contido, manifestando: “casi todo o plan vai para inversión e só unha parte pequena destínase a gasto corrente. Recollemos todas as demandas da oposición, e non nos importa pois todas as obras son importantes para Muxía.”

A continuación intervén dona Sandra Vilela , voceira do grupo municipal do PP: “ Quero facer unha reflexión de todo o que pasou dende o ano pasado cando votamos en contra do POS, e logo houbo unha reunión e o apoiamos. O PP foi xeneroso e decidimos darlle unha oportunidade e foi a cambio dunha soa cousa: o seu compromiso a negociar. Vostede é o Alcalde pero a soberanía é do pleno municipal que representa a todos os muxians e é quen decide se as cousas saen ou non adiante. A mesma lei que non nos permite facerlle unha moción de censura é a mesma que lle permite seguir sendo Alcalde. Vostede ten a obriga de negociar e pese a que vostede non ten a capacidade de facelo estamos a ser moi xenerosos. Vostede comprometeuse a negociar o POS e o PP pediulle nos medios que cumprira coa súa palabra porque era a súa obriga, e vostede non o fai, incumpre a súa palabra e a súa obriga. Dende o PP cumprimos coa nosa obriga de oposición, traballamos e estamos dispostos a negociar pero é o goberno quen incumpre coa súa labor, e mente aos vecinos dicindo que a depuradora de Quintáns vai no POS e non é así. Tampouco está a estrada de Armezar a Labexo. Se vostede ten a votade de poñer a depuradora de Quintáns no adicional, por qué non está aquí?. Das 13 obras deste POS hai 2 da oposición e propoñíamos 4. Se hoxe non hai POS será a súa responsabilidade porque foi vostede quen incumpríu a súa palabra e a súa obriga e aquilo polo que cobra.”

Seguidamente intervén D Carlos Fernández, voceiro do BNG: “ A falta de negociación do Alcalde fai que aparezan estes problemas, negándose a discutir as cousas con máis tempo, a falalas. Cando vin o POS o meu voto ía ser negativo pero por responsabilidade mirei se podía facer algo. Para nós a depuradora de Quintáns é prioritaria, non funciona e estase vertindo augas sen depurar ao río. Debemos de protexer o entorno natural se queremos ofrecelo. Intentamos lograr un compromiso coa Alcaldía e de ahí surxiu a proposta de por a depuradora de Quintáns no Adicional. Non está a depuradora nesta proposta pero o



CONCELLO DE MUXÍA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

complementario é unha previsión e a Deputación permite cambiar as obras do mesmo ou facer parte e parte non, incluír outras etc. Así chegouse a ese compromiso para o adicional. Falouse incluso de cambiala de ubicación. Foi un acordo de mínimos. Non se mentiu nunca, foi ante todo por responsabilidade que me puxen eu en contacto co Alcalde, non el conmigo.”

A continuación intervén Dna Mónica Vilela: “ O 17 de decembro presentamos unha moción que non entrou por falta dun voto, na que a oposición traíamos catro propostas. O Sr Alcalde riuse delo, votou fóra a unha concelleira e enfadouse coa oposición porque nos reuníamos entre nós. Non nos chamou para falar e non quería que faláramos entre nós. Eu formei parte do grupo de goberno e o problema máis grande que tivemos foi que non falou con nós, xa no POS 2020. Se unha persoa non o fai cos seus compañeiros de goberno dificilmente o fará coa oposición. O ano pasado o Sr Toba fixo unha Comisión de Contas porque non quería unha reunión formal, quería que houbera un acta, pois ben, nese acta consta que o Alcalde se comprometeu a negociar os POS a partir dese día. O Sr Alcalde non cumpre co seu compromiso e di que vai a poñer a Depuradora de Quintáns no adicional, pero non me fío. Falta consenso, diálogo.”

O Sr Alcalde intervén seguidamente: “ Creo que o debate principal vai ser nas votacións e non só hai que ler os títulos”.

Dna Sandra Vilela volve a intervir: “ O grupo de goberno si que mentiu pois non están todas as peticións da oposición nin a depuradora de Quintans.”

Sometido o asunto a votación, votan a favor da Proposta de Alcaldía ao POS 2022, os tres integrantes do grupo municipal do PSOE e o Sr. Fernández Concheiro. Votan en contra os integrantes do grupo municipal do PP (3), Dna Mónica Vilela e D Manuel Caramés.

A Proposta de Alcaldía non obtén a aprobación plenaria.

4.-POS ADICIONAL 1/202 PARA GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS

A Secretaria manifesta que os grupos municipais teñen copia da proposta neste punto.

Inicia o debate a Sra Sandra Vilela, voceira do PP: “ A quen teñen que dar as grazas os vecinos de Muxía é a vostede.”

O Sr Alcalde manifesta : “É vergonzoso que dous tráfugas e o partido popular rouben aos vecinos/as de Muxía, 600000€”.



CONCELLO DE MUXIA
(A Coruña)

Rúa Real, 35
15124 MUXÍA (A Coruña)
Telfs: 981 742 117
981 742 528
981 742 001
Fax: 981 742 298
CIF: P1505300B
correo@muxia.es
www.concellomuxia.com

O Sr Caramés increpa ao Sr Alcalde a súa expresión e abandona o Pleno . A continuación tamén o abandonan a Sra Vilela Vilela e os integrantes do grupo municipal do PP. Son as 20.42 h.

O Sr Alcalde somete a votación a proposta a continuación recollida, que é aprobada co voto a favor dos integrantes do grupo municipal PSOE (3) e BNG (1).

De acordo co establecido no art 100 do ROF, tendo en conta que o debate estaba iniciado cando os integrantes do grupo municipal do PP e Sres/as Vilela e Caramés abandonan o Pleno, o seu voto será considerado como abstención.

Ás 20:45 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretario, dou fe.

CONCELLO DE MUXÍA, a data da sinatura electrónica

A secretaria, Rosa Ana García Fernández

O alcalde, Santiago Manuel Toba Campaña